Lembranzas:

Cando vos falen de Sagunto e Numancia, lembrádevos do noso Medulio…

Cando vos falen dos comuneiros de Castela, das "germanías" de Valencia e das revoltas catalanas, lembrádevos dos nosos irmandiños que se adiantaron ao movemento agrario ruso en cinco séculos…

Cando vos falen do Século de Ouro das letras castelás, lembrádevos da hexemonía da lírica galega imposta en toda Iberia á que trouxo a delicadeza e a finura espiritual…

Cando vos falen de amor á liberdade, lembrádevos dos Mártires de Carral que declararon nula obediencia ao goberno de Madrid…

Preguntar logo aos patrioteiros "del regionalismo sano y bien entendido": que lle debe Galiza á Hespaña castelán? E a ver se vós sodes capaces de probar que lle deba algo como non sexan as aldraxes continuas dende os tempos de Xelmírez.

Antón Vilar Ponte, A Nosa Terra 25/7/1920

IRMANDADES
acendendo o faro
1916-2016

A Coruña, a cidade que alumeou as Irmandades da Fala

O 18 de maio de 1916 xorde na cidade da Coruña a primeira Irmandade dos Amigos da Fala. Antón Vilar Ponte convoca unha xuntanza nos locais da Academia Galega, a que asistiron arredor de 20 persoas, entre as que se encontraban Manuel Lugrís Freire, Florencio Vaamonde Lores, Uxío Carré Aldao, Lois Porteiro Garea, Micaela Chao Macíñeiro, Francisco Tettamancy ou Ramón Vilar Ponte, entre outros. Nesta xuntanza acordouse a creación dunha Irmandade dos Amigos da Fala que tería como obxectivo a defensa, exaltación e fomento da lingua de Galiza. Nace así a primeira iniciativa consciente de normalización do idioma galego. Axiña se foron creando outras: Santiago, Monforte,Vilalba, Ferrol, Vigo, Lugo, Vilagarcía, Cambados, Ourense, Madrid, A Habana...
Mais as Irmandades non se ocuparon só da lingua, crearon un xornal, fundaron o Conservatorio Nazonal de Arte Galega, crearon as Escolas do Insiño Galego, impulsaron a creación de coros, traballaron arreo para a creación do Partido Galeguista…

Carné das Irmandades

A Nosa Terra, voceiro das Irmandades

O 14 de novembro de 1916 sae do prelo o 1º número da Nosa Terra, publicación integramente en galego, que será o voceiro das Irmandades até 1932 que pasa a ser o voceiro do Partido Galeguista. A través das súas páxinas realizouse unha defensa do pobo galego, da súa lingua e da súa cultura mais tamén xogou un papel organizador, dinamizador e propagandístico do nacionalismo galego. Mediante a denuncia do atraso económico e a febleza política de Galiza, dominada por caciques e deputados "cuneros", poñía o foco sobre a necesidade de gobernarnos por nós mesmos.

Primeiro número de A Nosa Terra

O seu primeiro director foi Antón Vilar Ponte, logo seríao Víctor Casas mais a totalidade da intelectualidade nacionalista colaborou nas súas páxinas. Do grafismo encargouse Castelao, Álvaro Cebreiro, Camilo Díaz Baliño…

As mulleres das Irmandades

Máis de 200 mulleres formaban parte da Irmandade da Fala da Coruña. Así nolo conta A Nosa Terra do 25 de decembro de 1918. Alí estaban Elvira Bao, María Miramontes, Micaela Chao, Genoveva Casal… Son as mulleres que van traballar arreo na creación das Escolas de Ensiño galego, nos grupos de teatro das Irmandades, as que formarán a Agrupación Republicana Feminina, que se constituiu oficialmente, na Coruña, o día 13 de Abril de 1933. Nesta Agrupación figuran mulleres que destacaron pola súa actividade política ou profesional: Elvira Bao, Amparo López Jean ou María Barbeito… mulleres comprometidas coa causa da igualdade de dereitos, do acceso da muller á cultura, da súa dignificación: "Defender os dereitos femininos e labourar pola consecución dos aínda non recoñecidos" recolliase nos seus estatutos.

Agrupación Republicana Femenina

A primeira asemblea nacionalista

As Irmandades da Fala, logo dun longo traballo preparatorio reúnense na cidade de Lugo o 17 e 18 de novembro de 1918 co obxectivo de fixar nun programa concreto e as solucións que interesan á vida nacional da Galiza, e "co corazón ateigado de espranza e os ollos postos no porvir da nai Terra" elaboran o que será un programa de goberno nacionalista, que propón a democratización radical do sistema político, onde se reclama a Autonomía integral pra Galiza, a Cooficialidade dos idiomas galego e castelán, a Igualdade de dereitos pra muller….



Manuscrito do Manifesto

"Tendo a Galicia todas as características esenciais de nacionalidade, nós, nomeámonos, de hoxe pra sempre, nacionalistas galegos, xa que a verba rexionalismo non recolle todas as aspiracións nin encerra toda a intensidade dos nosos problemas." Recolle o previo do Manifesto.

A defensa da lingua

O obxectivo primeiro e máis importante das Irmandades era a defensa, dignificación e cultivo da lingua galega. E para logralo, as Irmandades, promoveron a elaboración de dicionarios e gramáticas, estudos lingüísticos e reivindicaron a presenza do galego en todos os eidos, desde a administración ao ensino. Traballaron na construción dun novo teatro, déronlle pulo á edicións e á actividade editorial coa creación de editoriais nas principais cidades galegas, Céltiga en Ferrol, Lar na Coruña, Alborada en Pontevedra, Nós na Coruña..



Do ano 1922 é a primeira gramática escrita totalmente en lingua galega, a Gramática do idioma galego, obra de Manuel Lugrís Freire.

"Galiza é unha Patria natural con lingua de seu… E unha lingua así non é a nosa mellor arma?"

O teatro das Irmandades

As Irmandades, ao tempo que atendían os ventos de renovación que corrían por Europa, eran conscientes do valor do teatro como unha ferramenta de concienciación lingüística. Sen perder o favor das camadas populares, cumpría chegar cua lingua galega aos públicos urbanos e rachar coa idea de que idioma galego era válido só para tratar temas de ambiente mariñeiro ou labrego. O teatro galego xa coñecera antes propostas importantes, como a creación en 1903 da Escola Rexional de Declamación, mais as Irmandades apostan por un proxecto claramente anovador coa presenza de Fernando Osorio. Comezan a traballar coa tradución ao galego de As alegres comadres de Windsor e finalmente dispóñense a estrear A man de Santiña, de Ramón Cabanillas. Estábanse a poñer os alicerces do que sería o Conservatorio Nazonal de Arte Galego.

As Irmandades traduciron ao galego autores europeos do momento

A Man da Santiña de R Cabanillas

Os libros de Nós

Coas Irmandades da Fala comeza tamén unha época ilusionante e esperanzadora para a literatura galega. Con Martínez Salazar comezara a edición galega moderna no ano 1885 co selo editor Biblioteca Gallega, continuará no ano 1921 con Céltiga e logo no 1924 coa editorial Lar e en 1927 coa editorial Nós, fundada esta última por Ánxel Casal, que a converte na primeira grande editora galega, tiradas de 3.000 exemplares, forte identidade gráfica, presentación estética de acordo coas tendencias máis comúns da edición europea do momento… De Nós son os mellores 100 libros da literatura galega do seu tempo.

"Unha literatura hai que mantela por decoro, por vergoña, por propia estimación"

Antón Vilar Ponte



Moi novo emigrou a Cuba, alí traballou en diferentes xornais e foi nomeado secretario da Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega. En 1910 volve a Galiza, establecéndose na Coruña. Colaborou en La Voz de Galicia, El Pueblo Gallego, El Noroeste,...O 18 de maio de 1916, Villar Ponte convoca unha xuntanza na que se acorda a creación dunha Irmandade dos Amigos da Fala, que tería como obxectivo a defensa, exaltación e fomento da lingua galega, e nomeouse a Antón Villar Ponte como Primeiro Conselleiro. Dirixiu A Nosa Terra.

> “Hai, pois, unha política pra nós: a gran política da lingua. Se conseguimos interesar nesta política os novos intelectuais e as xeracións que veñen, voltaremos a ser fortes.”

Ánxel Casal

Do que deixou dito Otero Pedrayo *"rexo, ledo optimista*, esparexeu as mans cheas a gracia e forza dunha nova literatura sobre o mundo." Fundador das irmandades, das Escolas de ensiño Galego, do Partido Galeguista...Mais o gran contributo de Ánxel Casal á Galiza do século XX estivo no campo da industria cultural, coa creación primeiro de Lar, en colaboración con Leandro Carré e logo de Nós. Cando o fascismo tira o seu cadáver nunha gabia de Cacheiras atrás quedaban os 139 números da revista Nós, ou de Catro a Catro ou... os cen mellores libros da literatura galega do seu tempo.

> “Casal, por Galiza, fixo máis que todos nós.”
>
> *Castelao*

Lois Peña Novo



Este avogado vilalbés, coruñés de adopción, foi desde o primeiro momento fundador das Irmandades e defensor da participación política das Irmandades, cun protagonismo importante na I Asemblea Nacionalista de Lugo. Froito dese desexo de traballar pola lingua, a cultura e o progreso deste país, preséntase ás eleccións municipais ao Concello da Coruña e o 7 de xullo de 1920, Lois Peña Novo tomou posesión da súa acta como concelleiro, e con el chegaba por primeira vez a lingua galega a un Salón de Plenos.

> “O nacionalismo é sempre un amor, expansivo e creador como todos os amores.”

Amparo López Jean

Esta activista galeguista, foi secretaria e presidenta da Agrupación Republicana Feminina da Coruña e a primeira muller coruñesa que ingresa no Partido Galeguista, formou parte da Executiva do PG en calidade de Vogal en 1936. Muller de ideas avanzadas, logo de convivir varios anos co político republicano César Alvajar e ter cinco fillos casará con el. Durante a Guerra Civil, vivindo en Barcelona, foi nomeada Secretaria Xeral do Grupo Feminino Galeguista.

> “con verbas elocuentes e afervoadas de galeguidade”

recollía a prensa da época as súas intervencións en actos culturais e políticos.

Víctor Casas

Xornalista, e político galego. Con 16 anos ingresa xa na Irmandade da Fala da Coruña. Moi pronto abandona o seu emprego como vendedor de calzado e dedícase en corpo e alma a causa das Irmandades: participa na I Asemblea Nazonalista de Lugo, da que saíu o «Manifiesto Nazonalista», foi director d' A Nosa Terra desde 1922, participou, na fundación do Partido Galeguista e percorreu o país para levar a mensaxe do nacionalismo galego.

> “Os tempos son chegados! Galiza comeza xa a darse conta do que é; do que ten e do que lle pertence.”

María Miramontes

Animadora e impulsora das escolas de ensino galego e das editoriais Lar e Nós. Traballa na Coruña nun obradoiro de costura e moi nova aínda, milita nas Irmandades da Fala e formará parte da súa Xunta Directiva. Seguramente é aquí onde coñece o seu home Ánxel Casal. No ano 1933, no Día da Patria, un grupo de mulleres militantes do Partido Galeguista, entre as que está María, asina un chamamento público dirixido a todas as mulleres para que tomen conciencia dos valores galegos.

> “María teceu con NÓS o traxe para vestir a Galiza.”

Elvira Bao Maceiras

Esta mestra foi membro das Irmandades da Fala da Coruña, sendo Secretaria da súa Xunta Directiva en 1918 e formou parte do seu cadro de Declamación. Tamén pertenceu á Agrupación Republicana Femenina da Coruña desde a súa constitución en 1933 e foi presidenta da primeira Xunta Directiva, integrada por outras mulleres destacadas. Como consecuencia do seu activismo político, despois do golpe de estado foi detida, pasou meses no cárcere e foi separada definitivamente do ensino público.

> “Alédame escoitar a vosa voz en que fun educada na Irmandade da fala na Cruña fai uns 14 anos; vexo que a nosa semente non foi botada en balde.”
>
> *escríbelle ás galeguistas de Ourense*

IRMANDADES

acendendo o faro

1916-2016

A Coruña, a cidade que alumeou as Irmandades da Fala

Colabora: